

ACTIVIDADES DA IV SEMANA DO LIBRO, A FESTA DAS PALABRAS

Dentro da programación da **IV Semana do libro, a festa das palabras**, organizada pola *Axencia de Lectura de Chapela*, a *Biblioteca de Redondela* e o *Servizo de Normalización Lingüística*, vanse desenvolver dúas actividades complementarias nesta semana.

O **mércores, 25 de abril, ás 20.00 h, na Casa da Cultura** de Redondela, o profesor e músico Moisés Quintas Suárez presentará a *Guía didáctica de instrumentos galegos*. Esta publicación, editada por Ouvirmos, é o compendio do seu traballo como investigador e pedagogo. Trátase dun libro-CD que presenta unha exhaustiva clasificación e descrición dos instrumentos galegos, coa súa orixe, evolución, etimoloxía e composición, que se converte nunha práctica ferramenta de apoio para o coñecemento e ensino da música galega, ilustrada con máis de 100 fotografías e acompañada de 40 pistas de audio que reproducen o son de todos os instrumentos. O seu autor presentará este traballo e achegaranos á nosa tradición musical, facendo un percorrido polas distintas familias instrumentais e a riqueza sonora da nosa tradición.

O complemento a esta primeira presentación da semana, continuará o **venres 27 de abril, ás 12.00 h, tamén na Casa da Cultura**. Nesta ocasión será a escritora, poetisa e comunicadora Yolanda Castaño, quen nos presente o libro *Babelia en galego*, editado pola Deputación de Pontevedra, e coordinado e traducido por ela mesma.

Esta presentación contará con alumnado convidado de secundaria, pero está igualmente aberta a toda a cidadanía.

Trátase dun traballo poético multilingüe que se edita coas traducións ao galego de composicións poéticas en linguas tan diversas coma o xaponés, chinés, ruso, esloveno ou maltés.

A idea deste traballo colectivo xurdiu dun obradoiro que se celebrou en Eslovenia no verán de 2010 e que reuniu durante unha semana a poetas procedentes de países diversos con linguas tamén diferentes, unhas máis maioritarias e outras cun menor número de falantes, co obxectivo de dar a coñecer a creación poética contemporánea noutras linguas e achegalas, asemade, á nosa.

Estas dúas actividades veñen complementar a exposición multilingüe que esta semana estará no Multiusos da Xunqueira, na que se mostran libros en galego, portugués, castelán éuscaro, catalán, aranés, asturiano e aragonés.

Con esta mostra multilingüe xúntanse o obxectivo inicial de celebrar o día do libro co de procurar unha animación efectiva á lectura, expoñendo os libros en lugares pouco habituais para contribuír a divulgar a diversidade cultural e lingüística dos territorios máis próximos a nós.

Pódense seguir as actividades e o seu desenvolvemento a través do blog das Bibliotecas de Redondela <http://bibliotecasredondela.blogspot.com/>, e do blog do Servizo de Normalización Lingüística <http://servizonlredondela.blogaliza.org/>.